

INFORME DO COMITÉ DE EXPERTOS  
ECONÓMICOS DE GALICIA PARA  
AFRONTAR A CRISE PROVOCADA POLA  
COVID-19

RESUMO EXECUTIVO

O informe do Comité de expertos articúlase en catro seccións referidas, por esta orde, á liquidez dos axentes económicos, ao emprego, á solvencia e fortalecemento financeiro, e ao impulso e dinamización da economía, incluíndo asemade algunhas reformas de tipo estrutural.

## **1. A LIQUIDEZ DOS AXENTES ECONÓMICOS**

O extraordinario impacto da pandemia da COVID-19 sobre a economía esixe a adopción inmediata e excepcional de medidas que garantan a liquidez dos axentes económicos afectados. Todos os instrumentos que se adopten, calquera que sexa a súa natureza (financeira, fiscal, laboral ou doutro tipo), deben orientarse a garantir a liquidez dos axentes económicos, dunha forma sistematizada, tanto desde a perspectiva do seu alcance como desde a súa priorización, e dunha actuación coordinada dos diferentes niveis da Administración Pública, dando preferencia a aqueles operadores económicos que resultasen directa e significativamente afectados pola crise da COVID-19, nun marco de certeza e previsibilidade, o que redundará nunha maior eficacia das empresas na toma de decisións. Coa finalidade de fornecer de liquidez aos axentes económicos, propóñense un conxunto de vinte medidas de adopción inmediata, entre as que salientamos as seguintes:

- Facilitar liquidez de xeito inmediato aos traballadores acollidos a ERTE durante o período de estado de alarma; particularmente a aqueles que están agardando aínda á tramitación das súas percepcións por parte do servizo de emprego.
- Priorizar a tramitación, con todos os medios adicionais que sexan necesarios, dos procedementos tributarios de devolución, pagos pendentes a operadores económicos por bens e servizos prestados a administracións públicas, ou por subvencións xa concedidas.
- Potenciar os mecanismos de compensación de créditos e débitos tributarios, así como evitar o ingreso de débedas tributarias vinculadas a moi probables devolucións futuras.
- Axilizar, simplificar e coordinar as liñas de liquidez adoptadas polos diferentes niveis da Administración Pública.
- Ampliar, en coordinación cos instrumentos de liquidez con garantía ICO, as liñas de financiamento con garantía do IGAPE para dar

cobertura a necesidades de liquidez non cubertas ou especificamente adaptadas ás necesidades de determinados sectores.

- Aprobar liñas de financiamento con garantía pública para axudar ás empresas a afrontar os gastos e investimentos iniciais necesarios para adaptar os centros de actividade ás esixencias marcadas nos novos protocolos de seguridade.

## **2. O EMPREGO**

En materia de emprego, o ordenamento xurídico español constitúe unha base sólida sobre a que asentar os instrumentos que sirvan para dar resposta eficaz e inmediata aos riscos do impacto da crise sobre o mercado laboral. Porén, dada a enorme incidencia da pandemia sobre os niveis de ocupación, é necesario dotar dunha maior flexibilidade as institucións xa existentes, pero cuxa concreción estaba configurada para unha situación económica e social previa, desgrazadamente xa non existente. A excepcionalidade da situación actual require do diálogo social como factor constitutivo dun imprescindible entendemento.

Xa que logo, faise imprescindible adoptar un conxunto de medidas no ámbito laboral que, con carácter transitorio e mentres persistan os fortes efectos da actual crise, sirvan como mecanismos para o mantemento e a recuperación do emprego, nun marco de protección dos traballadores e de viabilidade futura das empresas.

Retomar a actividade, loxicamente dependendo da súa esencialidade e afectación como consecuencia das novas regras de distanciamento social, será gradual e a súa reactivación, lenta e prolongada. A gravidade da situación actual require, con transparencia e coordinación, dunha resposta dotada de instrumentos eficaces.

Neste sentido, proponse adoptar con urxencia un conxunto de medidas, entre as que salientamos as seguintes:

- Desvincular o ERTE por forza maior do mantemento do actual estado de alarma. O que debe ser habilitante para a utilización deste instrumento é o impacto sobre o nivel de actividade das

empresas derivado das medidas de distanciamento social, limitacións de afluencia ou de períodos de apertura ou calquera outra restrición para o desenvolvemento da súa actividade. Urxe esta adaptación que, por outra parte, incrementaría a seguridade xurídica das empresas e dos seus traballadores.

- Introducir mecanismos de flexibilidade na xornada laboral resulta imprescindible para a sostibilidade do emprego nunha situación como a actual, onde os axentes económicos teñen que adoptar decisións en materia de emprego nun marco de profunda incerteza. Por iso, hai que incidir na extraordinaria relevancia dos acordos entre traballadores e sindicatos, por unha banda, e os de empresarios por outro; así como na empatía mutua que debe presidir dito escenario.
- O impacto orzamentario nas contas públicas da actual crise é enorme, posiblemente insostible de prolongarse no tempo. Faise necesaria, por tanto, a articulación de mecanismos novos e complementarios que incentiven a recuperación do emprego hoxe suspendido baixo a protección dos ERTE. A política fiscal non pode permanecer allea á profunda crise actual, particularmente, cando o seu impacto o trasladamos ao nivel de ocupación da nosa economía. Un réxime coordinado de medidas en materia de bonificacións nas cotas á Seguridade Social e deducións fiscais resulta necesario para incentivar o mantemento e a recuperación do emprego, contribuíndo, adicionalmente, a minorar o enorme impacto que a situación actual de desocupación provoca nas contas públicas.
- Retomar paulatinamente a actividade económica no ámbito dunha crise sanitaria require da adaptación da contorna. A saúde e a seguridade laboral dos traballadores son condicións irrenunciáveis para o benestar social, evitando retrocesos no proceso de reactivación. Urxe a protocolización da volta á actividade desde a perspectiva dos riscos laborais, a adopción de medidas organizativas que fomenten e flexibilicen o teletraballo e incentiven o desenvolvemento de plans de formación particularmente activos no ámbito das novas tecnoloxías. Sen dúbida, é urxente a adecuación das políticas activas e os plans de formación das empresas para potenciar as capacidades dos empregados no contexto da extensión do teletraballo. Esa reactivación requirirá de gastos e inversións necesarios para a adaptación dos centros de actividade aos requirimentos de protección e saúde derivados da pandemia. Esta

esixencia debe acompañarse de instrumentos financeiros de liquidez adecuados que impidan que tales custos se convertan nun obstáculo na reactivación económica.

### **3. SOLVENCIA E FORTALECIMENTO FINANCEIRO**

En ausencia de medidas adecuadas, o impacto da crise derivada da pandemia da COVID-19 afectará severamente á solvencia das empresas, ameazando a viabilidade futura dunha parte relevante do noso tecido produtivo. Á caída inmediata e moi substancial da cifra de negocios provocada polas normas de hibernación económica, e de confinamento e distanciamento social, seguiralle o impacto derivado dunha máis que probable caída futura e relevante da demanda interna e externa, o que incidirá moi negativamente nos fluxos de caixa esperados. Un escenario que seguramente se verá agravado por un incremento substancial dos niveis de morosidade no marco da interdependencia lóxica de calquera sistema económico.

Por isto, desde a perspectiva da solvencia, resulta preciso adoptar medidas de diferente alcance. O papel da Administración debe ser especialmente activo para apoiar os procesos de adaptación dos actores económicos, promovendo instrumentos flexibles e que permitan captar fondos que lles aseguren capacidade suficiente. Por outra banda, fortalecer o tamaño do noso tecido empresarial constitúe unha estratexia esencial para a súa supervivencia. A concentración empresarial, sexa mediante adquisición ou procesos de fusión, pode contribuír decisivamente á supervivencia no noso sistema socioeconómico de estruturas económicas que, inviables na súa dimensión actual, poidan acubillarse en capacidades empresariais solventes.

Entre outras propostas desenvolvidas no informe, destacamos as seguintes:

- Creación dun fondo galego de capital público e privado para investir en empresas afectadas pola crise da COVID-19, a través de capital e/ou préstamos participativos.

- Incentivos financeiros e fiscais aos procesos de concentración empresarial no marco de sectores económicos galegos fortemente impactados pola crise provocada pola COVID-19.
- Ampliación da liña de avais do Estado canalizados polo ICO, habilitando un tramo específico destinado a operacións de reestruturación financeira.
- Creación dunha nova liña de financiamento con garantía do ICO que posibilite un incremento do endebedamento neto das empresas destinado a acometer inversións motivadas pola crise da COVID-19, con garantía pública limitada.
- Implementación dunha liña de financiamento autonómica para a concesión de créditos especificamente dirixidos a PEMES e autónomos en sectores económicos galegos fortemente impactados pola crise da COVID-19.

O financiamento dunha parte das propostas desenvolvidas nesta sección, pero tamén dalgunhas das medidas de dinamización e estímulo que se propoñen na seguinte sección, require dunha base financeira suficiente. O Comité de expertos recomenda á Xunta de Galicia profundar en dúas vías complementarias: o financiamento multilateral apoiado no CEB (Banco de Desenvolvemento do Consello de Europa) e o BEI (Banco Europeo de Inversións) e a Mobilización de recursos da política europea de cohesión, acelerando a execución do marco financeiro actual.

#### **4. PROPOSTAS DE IMPULSO E DINAMIZACIÓN DA ECONOMÍA GALEGA**

A recuperación das ramas produtivas vai ser altamente asimétrica. Principalmente, porque o confinamento e o mantemento das regras de distanciamento non lles afectan da mesma maneira. Por iso, hai que atender particularmente ás ramas e empresas máis directamente afectadas pola crise. Doutra banda, hai que ser conscientes de que existen diferenzas significativas no efecto tractor e multiplicador que as distintas ramas produtivas exercen sobre o resto da economía galega. Concentrar actuacións nas que mobilizan máis encadeamentos produtivos aumenta a eficiencia global das actuacións.

As medidas de estímulo da actividade deben estar coordinadas a todas as escalas: global, europea, española, autonómica e local. Cada esfera ten unha capacidade financeira diferente e deberían coordinarse e encaixarse para optimizar os efectos. Con carácter xeral, os gobernos dos niveis inferiores deben actuar partindo do que fan os de escala superior, a fin de evitar solapamentos pouco razoables e baleiros que ninguén atende.

As medidas de dinamización vanse aplicar nun contexto de normalización con limitacións que se irán levantando progresivamente ata finais de xuño, pero que non conducirán a partir de entón a unha situación idéntica á que había ata a primeira quincena de marzo. Clarificar esas limitacións é fundamental para as empresas, para que poidan programar aspectos claves como as fases de incorporación do persoal ao traballo, os ritmos de produción ou a avaliación das necesidades financeiras, entre outros. En todo caso, esa dinamización da actividade debe ser compatible co cumprimento escrupuloso das normas de saúde pública e as medidas recomendadas para evitar rebrotes da pandemia significativos que nos aboquen a un segundo confinamento nos próximos meses.

En Galicia contamos con dous factores diferenciais que xogan ao noso favor. O primeiro é a consolidación fiscal executada na última década, que situou a Galicia entre as CCAA con menor débeda pública. A segunda ten que ver co acceso a fondos europeos, nun marco de flexibilización de uso. Adicionalmente, e como adiantamos tamén no apartado dedicado á solvencia, un acceso rápido e áxil ao financiamento multilateral pode reforzar a capacidade financeira da Xunta de Galicia en termos comparados.

O Comité considera fundamental a aposta por un Programa de proxectos tractores que creen, impulsen e dinamicen cadeas de valor estratéxicas para Galicia. Proponse que a Xunta de Galicia desenvolva un programa de proxectos tractores que creen, impulsen ou dinamicen cadeas de valor estratéxicas para Galicia. O programa debe dotarse dun mecanismo facilitador que atraia e incentive a realización dos proxectos incluídos no programa. O Comité recomenda impulsar un financiamento público/privado para o programa con instrumentos como pode ser o fondo de capital público e privado para o fortalecemento da estrutura de capital das empresas, desenvolvido na sección anterior. Co fin de atraer inversións ao programa que permitan acelerar a súa execución, proponse a creación dun réxime fiscal específico para o programa que faga atractiva

a inversión, para todo tipo de operadores nas cadeas de valor impulsadas polos proxectos tractores, con independencia do seu tamaño, e no marco do disposto polas institucións comunitarias en materia de axudas de estado.

Máis aló do anterior, o Comité de expertos quere incidir na importancia das actuacións en tres eidos: medidas de alcance sectorial, medidas tributarias e financeiras e propostas de reforma estrutural.

### Medidas de alcance sectorial

- Articular programas específicos para autónomos e PEMES en sectores impactados.
- Propostas específicas para o estímulo do consumo e o comercio.
- Propostas específicas para as ramas incluídas na hostalaría e a restauración.
- Estímulo do sector da automoción galego.
- Reactivación do sector da cultura.
- O Xacobeo debe converterse nun dos motores de impulso da recuperación económica de Galicia.
- O rural galego debe ser un dos piares da reactivación económica da Comunidade Autónoma.
- Reorientación do sistema comercial marítimo-pesqueiro e dinamización do sector marítimo-pesqueiro.
- Impulso ao sector da construción.

### Medidas tributarias e financeiras para a dinamización da economía

- Liberdade de amortización.
- Exención por reinvestimento de beneficios extraordinarios.
- Supresión da limitación á compensación de bases impositivas negativas.
- Flexibilización do beneficio fiscal ligado aos contratos de arrendamento financeiro.
- Tributación indirecta de determinadas prestacións de servizos relacionadas con sectores impactados.
- Tributación indirecta de determinadas operacións inmobiliarias (IVA e ITPAJD).
- A política tributaria como catalizador dunha transición cara a unha economía verde.



- Inmediata reactivación do mercado de seguro de crédito.
- O baixo nivel de endebedamento da Comunidade debería posibilitar unha marxe financeira positiva e substancial para financiar actuacións de dinamización económica.

### Propostas de reforma estrutural

- Reformas para facilitar e axilizar os trámites administrativos para instalar empresas, operar e atraer inversión estranxeira.
- Creación dunha axencia galega de avaliación de políticas públicas que funcione con criterios de independencia e rigor técnico e que dependa directamente da Presidencia da Xunta.
- Aceleración de iniciativas que impulsen a extensión da dixitalización a diferentes ámbitos da economía e a sociedade.
- Reforzamento da educación, as universidades e a investigación, poñendo o acento na transferencia de coñecemento.
- Recoñecemento e incentivo do mecenado e a filantropía.